



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Moi bo día, compañeiras e compañeiros.

Un ano máis. Outra raia no calendario. Outra fenda na parede. 30 anos xa dende que a UNESCO proclamou o Día Mundial pola Liberdade de Prensa, onde as voces do xornalismo volvemos reivindicar o noso. Unha xornada de loita, de botar contas e reflexionar. Este ano o recoñecemento desta efeméride caeu sobre tres iranianas encarceradas, Niloofar Hamedi, Elaheh Mohammadi e Narges Mohammadi, que coas súas reportaxes conduciron a unha revolución histórica liderada por mulleres e que pagaron un alto prezo polo seu compromiso de informar e transmitir a verdade.

Coincide, ademais, esta nova edición do Premio José Couso á liberdade de prensa coas eleccións municipais á volta da redonda. O noso traballo, a nosa labor, volverá estar (se é que o deixou algunha vez) no punto de mira. Volverá ser fundamental para o correcto desenvolvemento da sociedade democrática que queremos. Pero iso importa? E neses días, non só transmiremos a información, senón que seremos tamén parte dela. Curioso, verdade? A voz dos voceiros. Por que ían precisala? Aproveito, pois, para pedir respecto ao noso traballo, para difuminar calquera intento de presión durante as xornadas frenéticas que nos agardan.

Mais en que condicións laborais encarrilamos, en xeral, estas datas sinaladas con periodicidade, cada ano?

A precariedade e o intrusismo son dous males que semellan non ter cura para un enfermo que resiste, parece, o que lle boten. Hai apenas unhas semanas observabamos, abraidos e por suposto, con moita carraxe, como unha institución pública tan so esixía a educación secundaria obligatoria para o posto de redactor, locutor e cámara. Esa é outra. Cada día debemos facer máis, facelo máis rápido, a costa de que? Xornadas maratonianas, salarios conxelados dende xa non recordo

cando e a posibilidade de conciliar a nosa vida co noso traballo, case unha utopía. Parte da culpa témola nós, mais non toda.

Ademais de todos estes inimigos cos que viñemos loitando até o de agora, o equipo contrario fixo unha nova fichaxe de última hora: a intelixencia artificial. Esta vez é un inimigo virtual, pero os seus efectos son e serán certamente reais. Pese a todo, non vaiades buscando o atavío de loito, que o enterro da profesión aínda non chegou.

Nós non somos artificiais, e como tal, podemos ver máis aló. E, precisamente por iso, sei ver tamén todo o que os meus compañeiros e compañeiras de profesión fixeron e fan cada día por recuperar o territorio perdido. Sexan iranianas ou lugueses, como Marcos Méndez, unha das voces en galego que está contar o que acontece no conflito bélico na Ucraína. E consigo ver que o camiño existe. É revirado, ten pedras, pero existe.

Esperanza, romanticismo, ilusión ou masoquismo... chamádelle como queirades. A min gústame pensar ou, se cadra, obrígome a crer que me atopo no que os sociólogos chaman a "terceira fase" das mentes migrantes. Unha sucesión de catro etapas nas que a percepción dos migrantes vai evolucionando no traxecto da súa estancia en referencia ao novo país no que se atopan. Despois desa primeira fase de ilusión, a de saír da facultade e descubrir, cando nos dan a oportunidade de traballar no que nos gusta, o marabilloso de poderlle dar voz ás persoas, o de contar historias que nos axudan a comprender a realidade na que vivimos, o marabilloso de sentirnos útiles. A etapa na que os horarios non importan, na que das o 100% porque cres, que si, que non te equivocaches de profesión. Despois desa, de todo iso, topámonos co muro da segunda fase. A máis traumática. Comeza co shock de darse conta de como funcionan as cousas, de que a liberdade á hora de contar esas historias das que falabamos xa non depende de ti, en moitos casos, e de que inflúen moitos outros factores dos que moitas veces, tamén nos fan responsables a nós. Acaso reprocharíamoslle a un albanel, non poder levantar un muro por falla de cemento? Ou a un piloto de F1 non gañar unha carreira por non ter gasolina?

Mais como dicía, atópome na terceira fase, na que unha comeza a entender como vai este mundo e a mochila que levamos ás costas, malia que pesa, axuda a recolectar pequenas vitorias, tanto persoais como grupais, das batallas dunha loita continua contra ese xenio maligno que tira de nós con total intensidade para devolvernó á segunda fase e pensar por momentos en abandonar, mentres sacamos forza como sexa para acadar, por fin, a cuarta e última. Coñeces esa fase? Eu tampouco, pero son capaz de imaxinala.

Verónica Vázquez